

El Progreso

Galiciae

CULTURA

Os 'Escritores en Lingua Galega' homenaxeán a Díaz Castro polo centenario do seu nacemento

Etiquetas: Díaz Castro, centenario, nacimiento, homenaje, Guitiriz, Letras Galegas

Galiciaé LV / Axencias. A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega homenaxeou esta tarde, con motivo do centenario do seu nacemento, ao poeta Xosé María Díaz Castro, cunha ofrenda poético-floral no camposanto de San Xoán de Lagostelle, no municipio lucense de Guitiriz, do que o autor é natural.

Esta homenaxe celébrase o día 19 de febreiro precisamente porque se cumpre o centenario do nacemento do poeta guitiricense, xustamente o mesmo ano no que a Real Academia Galega (RAG) adícalle o Día das Letras Galegas..

A este acto sumáronse tamén o Centro Pen Galicia e a Asociación Cultural Xermolos. Desde esta tarde, tamén queda iniciada a travesía da exposición itinerante Nimbos de Luz, que honra a este ilustre.

Os promotores da ofrenda poético-floral invitaron "a todos os veciños" de Guitiriz a participar nela, porque pretenden que sexa "o preludio dos moitos recoñecementos que este ano recibirá o autor chairego".

Precisamente, a Deputación de Lugo presentou a finais de xaneiro unha ruta de sendeirismo coa que pretende homenaxear a Díaz Castro, que ten o seu punto de partida na casa natal do autor e finaliza na escola na que estudou de neno -no Buriz-, no municipio lucense de Guitiriz.

19/02/2014